

ANEXO BOLETÍN INFORMATIVO

I. AXUDAS E SUBVENCIÓNS: PROGRAMA PARA A PROMOCION DO EMPREGO AUTONOMO

I. AXUDAS E SUBVENCIÓNS: PROGRAMA PARA A PROMOCION DO EMPREGO AUTONOMO

I. Obxecto:

Promover e axudar a financiar aqueles proxectos empresariais que facilitan a creación do seu propio posto de traballo ás **persoas desempregadas, inscritas coma demandantes no Servizo Público de Emprego** que pretendan desenvolver a súa actividade empresarial ou profesional en Galicia como traballadores ou traballadoras autónomos/as ou por conta propia, así como apoiar a consolidación dos seus proxectos empresariais fomentando a creación de emprego mediante a **contratación indefinida da súa primeira persoa traballadora** desempregada.



II. Beneficiarios:

1. Poderán ser beneficiarias das axudas deste programa as persoas físicas que, cumprindo as condicións establecidas para cada tipo de axuda, reúnan os seguintes requisitos:

a) Persoas **desempregadas inscritas como demandantes de emprego** no Servizo Público de Emprego, que procedan á creación do seu propio posto de traballo mediante a súa constitución en traballadores ou traballadoras autónomos/as ou por conta propia, e que desenvolvan a súa actividade empresarial ou profesional en Galicia.

b) Poderán acceder á condición de persoas beneficiarias da subvención pola primeira contratación indefinida os traballadores ou traballadoras autónomos/as ou profesionais xa constituídos, que **realicen esta contratación durante o seu primeiro ano de actividade e para prestar servizos en centros de traballo situados na Comunidade Autónoma de Galicia.**



2. Os traballadores e traballadoras autónomos/as ou por conta propia poderán ser beneficiarios/as das axudas deste programa, agás a subvención pola primeira contratación indefinida, cando formen parte de comunidades de bens ou sociedades civís de nova creación, sempre que as soliciten a título persoal. Quedan excluídos deste programa os socios de sociedades mercantís, cooperativas e sociedades laborais e os autónomos colaboradores.

III. Axudas:

- a) **PARA O ESTABLECIMENTO COMO TRABALLADOR AUTÓNOMO OU POR CONTA PROPIA:** Para o inicio da actividade e posta en marcha da actividade empresarial ou profesional, deberase acreditar un investimento de 3.000 € mínimo, sen ter en conta o IVE ou impostos indirectos equivalentes.



Contía da subvención:

- 5.000€ para desempregados en xeral.
- 6.000€ para desempregados de 30 anos ou menos.
- 7.000€ para mulleres desempregadas.
- 7.500€ para emigrantes retornados, traballadores de empresas en crise, desempregados de longa duración e os que esgotasen a prestación de desemprego.
- 8.000€ para desempregados con discapacidade ou pertencentes a colectivos en risco ou situación de exclusión social, en caso de homes, e 10.000€ para as mulleres nesta situación.

- b) **SUBVENCIÓN FINANCEIRA:** Subvención de xuros de préstamos realizados con entidades con convenio coa Consellería de Traballo e Benestar.

O 75% do préstamo debe destinarse a inmovilizado material e financiamento de investimento.

Os préstamos deben formalizarse entre os 3 meses anteriores á posta en marcha da empresa e os 6 posteriores.

Contía da subvención: as mesmas cantidades ca no apartado anterior.

- c) **SUBVENCIÓN PARA ASISTENCIA TÉCNICA:** financiamento parcial da contratación dos servizos de posta en marcha da empresa, estudos de viabilidade, etc...

Debe realizarse nas Asociacións Intersectoriais de Traballadores Autónomos con suficiente implantación ou por outras persoas físicas ou xurídicas especializadas que reúnan as garantías de solvencia profesional.



Contía da subvención: O 75% do custo ata 1.000 €.

- d) **SUBVENCIÓN PARA FORMACIÓN:** financiamento parcial de cursos relacionados coa dirección e xestión de empresas e novas tecnoloxías da información e comunicación.

Contía da subvención: o 75% do custo do curso, ata 3.000€.

- e) **AXUDAS EXCEPCIONAIS:** Compra de mercadoría, materias primas, gastos de constitución, publicidade... Non se pode incluír o IVE e outros impostos indirectos análogos.

Contía da subvención: un máximo de 2.000€ para:

Mozos de 30 anos ou menos.

Mulleres.

Desempregados de 45 anos ou máis.

Demandantes do primeiro emprego.

Desempregados que rematen o itinerario personalizado de inserción.

Nestes supostos, se se ten o domicilio fiscal en **concello rural**, increméntase en 1.000€ máis.

A contía será de **3.600€** nos seguintes casos:

Desempregados de longa duración que esgotasen a prestación.

Desempregados que pertencen a un colectivo en risco ou situación de exclusión social.

Persoas con discapacidade.



- f) **SUBVENCIÓN PARA A PRIMEIRA CONTRATACIÓN INDEFINIDA:**

Para a contratación ou transformación de un contrato de temporal a indefinido de persoas desempregadas inscritas coma demandantes de emprego no SPE.

A contratación deberá realizarse entre o 10 de Outubro de 2011 e o 30 de Setembro de 2012.

Contía da subvención para a contratación indefinida:

- 4.000€ para a desempregados.
- 5.000€ para desempregados de 30 anos ou menos.
- 5.000€ para mulleres desempregadas.
- 5.600€ para mulleres de 30 anos ou menos.



- 6.000€ para desempregados de longa duración, emigrantes retornados, persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social.

Contía da subvención para a transformación de contratos temporais en indefinidas:

2.000€ en xeral.

2.500€ se o traballador ten 30 anos ou menos.

3.000€ se a traballadora ten 30 anos ou menos sendo muller.

Prazo de presentación de solicitudes: O prazo xeral finalizará o 30 de setembro de 2012.

Mais info: *ORDE do 30 de decembro de 2011, DOG nº 14 do 20 de Xaneiro de 2012.*